

PLAN
DE ATENCIÓN
Á DIVERSIDADE

CEIMÓPEL FERREIRO

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

1.- CONTEXTO

1.1 Contexto legal

1.2 Contexto do Centro

1.2.1 --Contexto do Alumnado

1.2.2 --Recursos Humanos

2.- IDENTIFICACIÓN e VALORACIÓN das NECESIDADES

2.1 Alumnado obxecto do Plan:

2.1.1 --Identificación das necesidades:

--Alumnado de nova matriculación

--Comezo da escolaridade en EI

--Inicio do curso

--Ao longo do curso

2.1.2 --Escolarización Tardía

3.-OBXECTIVOS do PLAN

3.1 Obxectivos xerais:

3.2 Obxectivos específicos do noso Centro.

4.-ACTUACIÓN E MEDIDAS ADOPTADAS para a ATENCIÓN á DIVERSIDADE

4.1 Medidas ordinarias

--Adaptación en Educación Infantil.

--Titorías

--Atención ó alumnado procedente do estranxeiro ou doutras Comunidades Autónomas.

--Reforzo educativo

--Medidas organizativas: Agrupamento do alumnado

--Permanencia dun ano máis nun curso

--Ampliación do currículo

--Actuacións dirixidas á mellora da convivencia

4.2 Medidas extraordinarias

--Adaptacións curriculares

--Na elaboración dunha adaptación curricular, tense como referencia...

--Elementos dunha adaptación curricular

--Procedemento para a elaboración dunha adaptación curricular

--Intervención do profesorado de PT e AL

--Flexibilización do período de escolarización.

--Grupos de adquisición das linguas, e grupos de adaptación da competencia curricular.

--Escolarización combinada

5.-CRITERIOS PARA A ATENCIÓN Ó ALUMNADO QUE PRECISE APOIO, E PROFESIONAIS IMPLICADOS

5.1 Criterios xerais para atención á diversidade

--Proposta curricular, e profesionais implicados nas respostas educativas.

--**Alumnado con NEAE por deficiencias físicas, psíquicas e sensoriais.**

--Proposta curricular.

--Profesionais implicados.

--**Alumnado con problemas emocionais, relacionais e de conduta**

--Respostas educativas.

--Profesionais implicados.

--**Alumnado con altas capacidades intelectuais**

--Proposta curricular

--Profesionais implicados

--**Alumnado de integración tardía**

--Proposta curricular

--Profesionais implicados

--**Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe** (lingual oral, lingua escrita, matemáticas etc.)

--Proposta curricular

--**Alumnado con desfase curricular de máis dun curso debido á situación de desvantaxe sociocultural**

--Proposta curricular

--Profesionais implicados

6.-COORDINACIÓN INTERNA, E CON OUTROS CENTROS

6.1 Coordinación interna

6.2 Coordinación con outros centros

7.-CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E SERVIZOS EXTERNOS

7.1 Colaboración e participación coas familias

7.2 Servizos externos

8.-AVALIACIÓN DO PLAN

9.-ANEXOS

INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica de Educación de 3 de maio, no seu artigo 121 establece que o Proxecto Educativo dos Centros recollerá a forma de atención á diversidade, na que respectará o principio de non discriminación e inclusión educativa como valores fundamentais. En consonancia con estes principios, a atención á diversidade configúrase como un principio fundamental do sistema educativo regulado pola citada lei. Isto implica a esixencia de proporcionar unha educación axeitada ás necesidades de todo o alumnado, tendo en conta a diversidade de intereses, características e situacións persoais.

En consecuencia, a Comunidade Educativa debe asumir a pluralidade e diversidade como eixos vertebradores da acción educativa, potenciando e desenvolvendo medidas de resposta o máis eficaces posible para todos os escolares, independentemente das súas condicións sociolóxicas, familiares e culturais, así como do diferente potencial de aprendizaxe dos mesmos.

Neste marco referencial, entendemos o Plan de Atención á Diversidade como o conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e didácticas que o Centro diseña e pon en práctica para proporcionarlle a todo o alumnado a resposta educativa máis acorde coas súas necesidades educativas. Con esta adecuación trátase de conseguir o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e de que adquiera as competencias básicas e os Obxectivos establecidos na Educación Primaria.

1.- CONTEXTO

1.1 Contexto legal

--Lei 1/1990 de Outubro de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (L.O.X.S.E), artigo 60.

--Orde de 6 de Outubro, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan as adaptacións do Currículo na ensinanza de réxime xeral (D.O.G. 7-11-95).

--Orde de 28 de Outubro, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan as condicións e o procedemento de flexibilización da duración do período de escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais (D.O.G. 28-11-96).

--Orde de 31 de Outubro, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización (D.O.G. 19-12-96).

--Decreto 374/1996 de 17 de Outubro (D.O.G. 21-10-96) polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.

--Orde de 1 de Agosto de 1997 (D.O.G. de 2-09-97) que desenvolve o anterior decreto.

--Decreto 120/1998 de 23 de Abril polo que se regula la Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. 27-04-98).

--Orde de 24 de Xullo de 1998 (D.O.G. 31-07-98) pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

--Orde de 27 de Decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do ensino non universitario con NEE. (D.O.G. 30-01-2003).

--Orde de 20 de Febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (D.O.G. 26-02-04).

--Orde de 17 de Marzo de 2007 pola que se regula a admisión do alumnado de 2º ciclo de EI, EP, ESO e Bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos (D.O.G. 21-03-07).

--Decreto 130/2007, do 3 de xuño, polo que se establece o Currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. 19-03-07).

--Orde de 23 de novembro de 2007 pola que se regula a Avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. 30-11-07).

--Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o Currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. 19-03-07).

--Decreto 130/2007, do 3 de xuño, polo que se establece o Currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. 19-03-07).

--Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación na Comunidade Educativa (D.O.G. 15-07-11).

--LOMCE. Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro (BOE 10-12-2013) para la Mejora de la Calidad Educativa.

--Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a Atención á Diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (D.O.G. 21-12-11)

1.2 Contexto do Centro

O Centro está situado na cidade de Santiago de Compostela, no bordo do casco histórico monumental.

1.2.1 --Contexto do Alumnado

O alumnado procede minoritariamente da súa zona escolar. A maioría procede doutras zonas escolares de Santiago e outra parte de concellos limítrofes.

O status das familias correspóndese maioritariamente coa clase media, habendo unha minoría de traballadores e traballadoras sen cualificar. Tamén hai varias familias que actualmente subsisten coa axuda da asistencia pública. Igualmente hai unha minoría da etnia xitana e outra procedente do estranxeiro.

A rateo media por aula é de 25, sendo habitual que haxa aulas con 26-27 alumnos/as.

O alumnado de altas capacidades (no momento de elaboración do Plan) que son 11 alumnos/as diagnosticados, non recibe ningunha atención das especialistas.

As Profesoras de PT e de AL atenden unha media de 40 alumnos e alumnas con necesidades educativas, por curso.

Os alumnos/as con necesidade de apoio educativo distribúese nas seguintes categorías:

- Síndrome de Down.
- Síndrome do espectro autista.
- Síndrome de Asperxer.
- TDAH.
- Lesións cerebrais.
- Baixa capacidade intelectual.
- Retraso da linguaxe ou fala.
- Dislalias (en EI e primeiros cursos de EP).
- Dislexia.
- Dificultades específicas de aprendizaxe.
- Minorías étnicas.
- Familias desfavorecidas culturalmente, e en situación de pobreza extrema.
- Altas Capacidades.

1.2.2 --Recursos Humanos

O Claustro está constituído por 31 docentes: 25 con destino definitivo, e o resto noutras condicións laborais e 1 profesor itinerante.

Ademais do Profesorado xeneralista e especialista nas diferentes disciplinas académicas dispoñemos de:

- 2 Profesoras especialistas en EI con funcións de apoio.
- 1 Mestra de PT.
- 1 Mestra de AL.
- 1 Orientadora.
- 1 Auxiliar Técnico Educativo (Coidadora).

2.- IDENTIFICACIÓN e VALORACIÓN das NECESIDADES

2.1 Alumnado obxecto do Plan:

O Plan vai dirixido ó alumnado que presente as seguintes circunstancias, e polo tempo que se requira en superalas:

- Non ter superados os obxectivos de Educación Infantil.
- Nivel curricular baixo, pero sen desfase significativo.

- Dificultades nas materias instrumentais.
- Dificultades puntuais en diferentes materias.
- Non ter superadas todas as materias en cursos anteriores.
- Trastornos de Audición e Linguaxe.
- Desfase curricular (alumnado con adaptación curricular).
- Relacionadas con discapacidades (sensoriais, motoras,...).
- Presentar problemas no ritmo de aprendizaxe.
- Altas capacidades.
- Incorporación tardía ó sistema educativo. Necesidades de adquisición das linguas ou do nivel de competencia curricular.
- Relacionadas coa autonomía, comunicación e relación entre iguais. Que precisan de persoal auxiliar e outros recursos de acceso ó currículo.
- Relacionadas coa integración entre iguais.
- Non responder a pautas de comportamento acordes ás da súa idade.
- Relacionadas con dificultades familiares, sociais ou de saúde.

2.1.1 --Identificación das necesidades:

É tarefa prioritaria para a óptima atención á diversidade a detección temperá das dificultades para tomar as decisións máis axeitadas para superalas.

A detección precoz das necesidades educativas permite unha mellor planificación dos recursos humanos dispoñibles e posibilita ó alumnado a superación das súas dificultades.

--Alumnado de nova matriculación

Ó formalizar a matrícula, para comezar a escolaridade, obterase información sobre a existencia de discapacidades ou trastornos polos que o novo alumno necesitará algún tipo de medida específica.

Cando o novo alumnado proceda doutro centro, outra Comunidade ou do Estranxeiro, farase unha entrevista cos pais ou tutores legais para obter información sobre as dificultades do alumno, características do centro de procedencia, diferenzas debidas a peculiaridades propias doutras Comunidades Autónomas, ou doutros sistemas educativos do alumnado procedente do estranxeiro. Estas actividades previas serán realizadas pola Orientadora, que chegado o caso fará a avaliación psicopedagóxica correspondente e informará ó profesorado implicado.

Cando se trate de alumnado que solicita matriculación, e que indique solicitude de praza pola "reserva de praza para alumnado con NEAE", seguiremos o seguinte protocolo:

- Valoración inicial por parte da Orientadora.
- Elaboración do informe correspondente que se enviará á Inspección, a fin de que se tramite a correspondente valoración polo especialista correspondente do EOE, quen emitirá o informe dirixido á Comisión de Escolarización.
- Esta comisión dictaminará, ou non, a escolarización do alumno no Centro.

--Comezo da escolaridade en EI

--Información ós pais sobre o funcionamento do Colexio, tratamento que lle damos á diversidade e necesidade de que nos comunique canto antes as posibles dificultades.

--Información recollida nas entrevistas iniciais das Titoras de Educación Infantil coas familias.

--Observacións durante o período de adaptación do alumnado de Educación infantil de novo ingreso.

--Inicio do curso en Educación Primaria

Cada Titor/a realizará as seguintes tarefas:

--Información do expediente do alumnado ó seu cargo: Informes de avaliación do final de curso anterior. Informes facilitados por centros de procedencia. Información do DO. Actas das xuntas de avaliación. Informes doutros profesionais (médicos, neurólogos, psicólogos...). Información dos Titores/Titoras anteriores.

--Avaliación Inicial:

É o punto de referencia para a toma de decisións relativa ó desenvolvemento curricular, así como para adoptar aquelas medidas de apoio e/ou outras, que se consideren oportunas para cada alumno ou alumna. Incidirase na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias, no grao de desenvolvemento das competencias básicas e na análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior, completada coa información obtida a través da persoa titora. Nesta avaliación inicial teremos como referencia o currículo dos cursos correspondentes.

Son responsables desta avaliación inicial os Titores e os especialistas curriculares. Contarán sempre coa colaboración do DO.

-Ao longo do curso

--Observación do alumnado na realización de actividades na aula, así como dos traballos individuais e de equipo. Isto facilitará a detección de necesidades educativas e de problemas de integración.

--Información aportada pola familia e outras institucións (Inspección Educativa, EOE, Servizos Sociais, profesionais da Saúde, ONCE, Colexios de Educación Especial, Asociacións...).

--Información aportada polo Profesorado desde a acción titorial.

--Información aportada polo profesorado especialista de apoio (AL, PT).

--Información obtida da avaliación psicopedagóxica, previa solicitude dos pais ou dos Titores.

Para realizar o proceso de avaliación psicopedagóxica temos en conta:

--As demandas do profesorado, que en moitos casos son os primeiros en detectar ditas necesidades. As observacións que o profesorado realiza inclúen datos sobre o proceso de adaptación, as actuacións dos alumnos durante períodos variables, as relacións do alumno con dificultades cos compañeiros e co profesorado, as relacións da familia coa escola, etc...

--As demandas dos pais dos alumnos con NEAE. Prodúcense en diferentes momentos da escolaridade. Ás veces, ó comezar a escolaridade. Nestes casos, que son os máis graves, o alumnado xa había sido avaliado polo Servizo correspondente do CHUS e estaban sendo tratados en dito Servizo antes de iniciar a escolaridade.

--Coa información dos pais (que achegan, se os houbese, informes dos servizos citados) e dos profesores, avaliamos ó alumnado no Departamento de Orientación e valoramos cal é a forma máis eficaz de superar as dificultades detectadas.

--Cando a avaliación realizada no Departamento o aconsella (retrasos lingüísticos significativos, déficit de atención e hiperactividade, problemas graves de conduta, déficits sensoriais, etc.) remitimos o alumnado a outros servizos para completar a avaliación.

--Nos cambios de curso ou de etapa, ademais da avaliación inicial feita polos Titores, en moitos casos é necesaria a colaboración da Orientadora, despois de ter un período de observación sistemática para ver a evolución posterior do alumnado. É moi necesaria esta medida en caso de alumnos procedentes doutros Colexios e máis aínda cando proceden doutras Comunidades Autónomas ou de Países Estranxeiros.

O alumnado con NEAE por ter sobredotación intelectual, é avaliado polo DO, como nos demais casos, cando o solicitan os Profesores Titores ou os seus Pais.

Sempre que temos que tomar algún tipo de medida extraordinaria (avaliación ou intervención), informamos ós pais sobre a necesidade de tomar tales medidas.

2.1.2 Escolarización Tardía

--Recollida de datos sobre as causas, a través dos pais ou titores legais. Avaliación do alumno por parte do DO, para ubicalo no curso máis axeitado ás súas características persoais.

3.-OBXECTIVOS do PLAN

3.1 Obxectivos xerais:

Co propósito de dar unha resposta axeitada á diversidade, e que esta non supoña un obstáculo para o desenvolvemento persoal e social do noso alumnado, e tomando como referencia a lexislación anteriormente sinalada, establecemos os seguintes **Obxectivos xerais**:

--Conseguir que todo o alumnado acade o máximo desenvolvemento persoal, social e emocional, e facilitarlle unha educación adaptada ás súas singularidades.

--Ofrecer unha resposta que compense as diferenzas individuais do noso alumnado, no marco de normalización e inclusión. Considerar a diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade.

--Mellorar a calidade e a eficacia da educación e da formación.

--Incrementar a creatividade e a innovación.

3.2 Obxectivos específicos do noso Centro:

--Incorporar accións cara á prevención das dificultades de aprendizaxe na área da linguaxe, fundamentalmente.

--Procurar a identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración, e poder dar unha resposta educativa rápida ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais.

--Recoller con claridade as posibles medidas de atención a diversidade para facilitar a participación activa de todo o equipo docente no estudo e toma de decisións sobre as solucións máis axeitadas ás necesidades do alumnado.

--Desenvolver propostas metodolóxicas e de avaliación axeitadas ás necesidades de cada escolar.

--Potenciar a inclusión escolar do alumnado con rasgos especiais.

--Optimizar a organización e a utilización dos recursos do Centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular dos que teñan NEAE.

--Promover a implicación das nais, pais ou tutores legais do alumnado no proceso educativo.

--Favorecer a comunicación e colaboración cos Institutos adscritos para asegurar a continuación da atención ó alumnado con NEAE.

4.-ACTUACIÓN E MEDIDAS ADOPTADAS para a ATENCIÓN á DIVERSIDADE

Hai que diferenciar dous tipos de medidas: **ordinarias e extraordinarias**.

--As ordinarias son aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ó contexto sociocultural do centro educativo e ás características do alumnado.

--As extraordinarias son todas aquelas dirixidas a dar resposta ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo prescriptivo e supoñer cambios significativos, nos elementos de acceso ó currículo ou na modalidade de escolarización.

4.1 Medidas ordinarias

--Adaptación en Educación Infantil.

Comprende unha serie de actividades que se realizan no período que comprende desde que os pais solicitan a matrícula dos/as nenos/as ata que o alumnado se integra plenamente no Colexio.

--Información relevante sobre o Centro (instalacións, funcionamento, recursos, Regulamento de Réxime Interno...).

--Reunións colectivas do Profesorado que incidirá nesa etapa cos pais/nais.

--Entrevistas individuais do Titor coas familias.

--Entrevistas da Orientadora coa familia, nos casos que puidesen requirir atención especial.

-Período de acollida (entrada graduada).

--Titorías

Comprenden unha serie de accións formativas e informativas encamiñadas á integración, desenvolvemento cognitivo, social e emocional do alumnado.

Comprenden, como actuacións prioritarias, as entrevistas individuais e grupais coas familias, nas que se lles informa do proceso de ensino-aprendizaxe e dos aspectos que máis inciden neste proceso que teñan relación coas pautas familiares, así como chegar a acordos para seguir estratexias conxuntas.

Colaboración co DO para, despois da avaliación correspondente, buscar igualmente estratexias conxuntas.

--Atención ó alumnado procedente do estranxeiro ou doutras Comunidades Autónomas.

Será necesario habilitar un período de adaptación cando exista desfase curricular ou descoñecemento das linguas da Comunidade.

--Reforzo educativo

O reforzo educativo, como medida ordinaria de atención á diversidade, ten a finalidade de garantir a consecución dos contidos curriculares básicos en aqueles casos nos que existan dificultades de aprendizaxe e que non requiran de medidas extraordinarias.

Este reforzo será impartido prioritariamente polo Titor/a e, cando as condicións o permitan, polo resto do profesorado que, por ter dispoñibilidade horaria, poda colaborar en coordinación coa Titora ou Titor, quen indicará os contidos que se deben traballar.

Esta intervención realizarase dentro da aula ordinaria, ou fora, cando o caso así o precise.

Previamente, este alumnado será avaliado coa colaboración da Orientadora que, xunto co Titor ou Titora, priorizarán os aspectos máis relevantes que se van traballar.

Así mesmo, tamén previamente, serán informados os pais.

Estas medidas de apoio educativo poden afectar tanto á metodoloxía como ó sistema de avaliación.

Estes reforzos efectuaranse tanto en EI como en EP.

Terá prioridade este tipo de apoio en 1º e 2º de EP, co fin de optimizar o aprendizaxe para a adquisición da lingua escrita.

A toma de decisión da distribución dos apoios levarase a cabo ó principio de curso, pola Xefa de Estudo e a Orientadora, tendo en conta as necesidades detectadas e as directrices da Comisión Pedagóxica. Despois dado a coñecer a todos os membros do DO.

--Medidas organizativas: Agrupamento do alumnado

O criterio básico de agrupamento do alumnado, no inicio da escolarización, é a orde alfabética.

Non obstante este criterio modifícase cos seguintes criterios secundarios:

-Equilibrio entre as rateos dos diferentes grupos.

-Equilibrio entre os sexos.

-Cando se adscriba un alumno ou alumna con NEAE a un grupo, se é posible, reducirase o número de alumnos dese grupo.

-Ó inicio de cada curso, ou no cambio de EI a EP, distribuirase equitativamente entre as aulas o alumnado con NEAE que conte con informe psicopedagóxico, informes médicos, ou que repita curso.

-O alumnado de novo ingreso, procedente doutros centros do territorio español, asignarase provisionalmente a un grupo en función da idade e do curso para o que solicita e, chegado o caso, segundo a valoración realizada previamente polo DO, ata que chegue o expediente académico.

-Os alumnos/as que acosan, ou que **sofren** de acoso escolar, por parte dos seus compañeiros ou que manteñen unha relación negativa co grupo, poderemos cambialos de grupo, despois de valorada a situación e de que se teñan realizadas todas as medidas encamiñadas a solucionar o problema. A decisión para realizar dito cambio será tomada segundo o establecido no decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, coas condicións que establece o RRI.

-O alumnado de novo ingreso, procedente do estranxeiro, asignarase provisionalmente a un grupo en función da idade e do curso para o que solicita e, chegado o caso, e sempre

que sexa posible, previamente á incorporación do alumno ou alumna, o DO realizará a valoración correspondente para poder ubicar o alumno definitivamente a un grupo.

-Dúas veces ó longo da escolaridade (unha no cambio de etapa, e outra en 4º curso de EP), farase outra distribución aleatoria do alumnado (tendo en conta todos os apartados anteriores). A finalidade é poder asegurar que o alumnado poda relacionarse con todos os compañeiros da súa idade, favorecer boas relacións entre o alumnado...

--Permanencia dun ano máis nun curso

A decisión tomarase tendo en conta os criterios mínimos de avaliación e os criterios de promoción que figuren na programación didáctica.

--Ampliación do currículo

Non dispoñemos de programas específicos para este alumnado. Temos como condición que os obxectivos e contidos mínimos sexan amplamente superados. Nestes casos cada Titor/a coa colaboración do DO, buscará actividades complementarias, tendo en conta as características e os intereses do alumnado e as posibilidades de realización dentro da aula sen perturbar a marcha da clase.

--Actuacións dirixidas á mellora da convivencia

Estamos en proceso de elaboración do plan de convivencia.

4.2 Medidas extraordinarias

--Adaptacións curriculares

As adaptacións curriculares implican unha adaptación significativa dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

Polo tanto, poderá afectar ó alumnado con necesidades especiais, a alumnado con altas capacidades, e a alumnado con necesidades educativas de apoio específico, cando se teñan esgotadas as medidas extraordinarias e teñan un retraso na consecución dos obxectivos e contidos de máis dun curso académico.

--Na elaboración dunha adaptación curricular, tense como referencia...

- Avaliación curricular.
- Necesidades educativas contempladas no informe psicopedagóxico.
- Obxectivos mínimos dos cursos anteriores, que non están acadados.
- Establecer os obxectivos mínimos en relación co desenvolvemento integral do alumno e cos obxectivos académicos.

--Elementos dunha adaptación curricular

- Datos persoais do alumno: Nome, apelidos, data e lugar de nacemento, curso no que está escolarizado, período para o que se propón a adaptación curricular.
- Datos físicos e de saúde.
- Datos psicosociais: Nivel intelectual e aptitudinal, trazos de personalidade, intereses, adaptación persoal e social.
- Datos do contorno familiar.
- Datos do contorno escolar: Formas de organización do Centro, organización da aula, relación dos servizos educativos.
- Datos pedagóxicos: Competencias adquiridas e necesidades educativas en

relación ó currículo de referencia.

- . Áreas adaptadas.
- . Recursos materias cos que se conta.
- . Planificación do seguimento.

-Profesionais participantes.

-Lugar e data, asignado polos profesionais participantes co visto e prace do Director.

--Procedemento para a elaboración dunha adaptación curricular

-Recollida de información por parte do Titor/ra e do Orientador/a.

-Avaliación e elaboración de Informe Psicopedagóxico.

-Reunión do profesorado que imparte clase o alumno/a, profesores de PT e AL, e o Xefe/a de Estudos e o Orientador/a.

-Comunicación á familia para pedirle o seu consentimento.

-O Profesor de cada área obxecto da adaptación elaborará a adaptación curricular da súa área, coa colaboración da Orientadora e a valoración do profesorado de PT e AL.

-Seguimento da adaptación da adaptación curricularó alumno. En cada sesión de avaliación farase unha revisión do progreso e da evolución do alumno/a.

--**Intervención do profesorado de PT e AL**

Intervirán nos casos de necesidades especiais, e nas necesidades de apoio educativo específico, cando se especifique no correspondente Informe Psicopedagóxico.

O alumnado que teña retraso na adquisición da fala ou dificultades de aprendizaxe, debido a circunstancias socioculturais, será apoiado polas especialistas de AL e/ou PT, como se se tratase de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, segundo se especifique no correspondente Informe Psicopedagóxico.

Non será necesario Informe Psicopedagóxico nos casos de dificultades de fala (dislalias), que serán valorados pola Orientadora e atendidos pola profesora de AL nos dous últimos cursos de EI, de dispoñer de horario.

Prestarase apoio educativo para a adquisición da lectoescritura ó longo do 1º curso de EP, ó alumnado no que se detecte dificultades e que será previamente avaliado polo DO.

A intervención das profesoras de AL e PT farase, tanto dentro como fora da aula, dependendo das necesidades da intervención.

A coordinación entre as Profesoras de PT, AL e a Orientadora e o Titor/a será permanente.

--**Flexibilización do período de escolarización.**

Esta medida consiste en:

A permanencia en EI é dun ano máis, e dous máis na EP. Esta medida aplicarase ó alumnado con necesidades educativas especiais, seguindo o establecido na orde normativa vixente, e sempre coa conformidade dos pais.

O procedemento para a permanencia en EI é dun ano máis, e dous máis na EP, será o seguinte:

1.-Seguimento dos progresos do alumno/a ó longo da etapa (tanto se se trata de EI como de EP) e valoración dos mesmos por parte de equipo docente que incidiu sobre el/a.

2.-Valoración do impacto emocional e social que pode supoñer para o alumno.

3.-Valoración de se esta medida vai cumprir, a nivel de coñecemento e de integración, os obxectivos propostos e desexados. Estas valoracións serán efectuadas polo Equipo Docente, a Xefa de Estudos e a Orientadora.

4.-Consentimento explícito e asignado da familia.

5.-Actualización de Informe Psicopedagógico.

6.-Envío á Inspección Educativa da Autorización da Familia e do Informe Psicopedagógico, no que se exporán de forma explícita as necesidades educativas polas que se toma esta medida e a petición que dita medida sexa autorizada pola Inspección.

-Escolarización, ata dous cursos por debaixo da idade, de alumnado procedente do estranxeiro que o necesite, segundo o establecido no plan específico para este alumnado.

-Adianto de curso ou redución dunha etapa do alumnado con altas capacidades, seguindo o establecido na normativa vixente, e sempre coa conformidade dos pais.

En todos os casos son preceptivas a avaliación pola Orientadora e a emisión do informe psicopedagógico correspondente.

-Grupos de adquisición das linguas, e grupos de adaptación da competencia curricular.

Este tipo de agrupamentos efectuarase co alumnado procedente do estranxeiro, segundo a lexislación vixente.

--Escolarización combinada

Esta medida está dirixida ó alumnado con necesidades educativas especiais, que tras o preceptivo dictame e a conformidade coa familia, se considere como a opción máis axustada ás necesidades do alumnado, tendo en conta os recursos cos que contamos.

O procedemento a seguir será o establecido na lexislación vixente.

5.-CRITERIOS PARA A ATENCIÓN Ó ALUMNADO QUE PRECISE APOIO, E PROFESIONAIS IMPLICADOS

5.1 Criterios xerais para atención á diversidade

-Será prioritario atender en Educación Infantil, desde os tres anos, a todo o alumnado diagnosticado de, NEAE e aqueles outros que por causas sociais e culturais teñen un desenvolvemento máis tardío. O mesmo, para o alumnado que comeza a escolaridade con **ausencia da fala**.

-A prevención e detección de dificultades nesta etapa é un obxectivo da mesma e implica a todo o profesorado que incide nela, coa colaboración da Orientadora.

-O Profesorado nas súas sesións sen docencia directa prestará reforzo educativo ó alumnado con dificultades de aprendizaxe. Estes apoios serán preferentemente dentro da aula.

-Será prioritario o traballo nas áreas instrumentais.

-O apoios ó alumnado con NEAE efectuaranse tanto dentro como fora da aula, segundo as necesidades.

-Nos casos de alumnado con NEAE máis graves, a intervención será individual. Nos demais casos poderán agruparse tendo en conta a dificultade e a idade.

-A maiores dificultades, maior será o número de horas de apoio que reciba o alumno.

-Sempre que sexa posible, os apoios efectuaranse en horas que non coincidan coas especialidades, e dentro da aula ordinaria.

-Ó final de cada curso, levarase a cabo unha previsión sobre as necesidades do curso seguinte.

--Proposta curricular, e profesionais implicados nas respostas educativas.

As propostas curriculares para atender as necesidades do alumnado terán como referencia o aula onde estea escolarizado. As programacións de aula contemplarán as propostas para atender as necesidades do grupo.

Unha vez detectadas as necesidades do alumnado que se presenta ó longo da escolaridade, aplicaranse as medidas ordinarias. E cando estas non sexan suficientes, derivarase para realizar a avaliación psicopedagóxica por parte de Orientación. A partir desta deseñarase a resposta educativa adaptada ás necesidades do alumno/a.

No desenvolvemento das medidas de apoio ás necesidades do alumnado consideramos as seguintes casuísticas:

--Alumnado con Necesidades Educativas Especiais por deficiencias físicas, psíquicas e sensoriais.

--Proposta curricular.

-Adaptación curricular de acceso.

-Adaptación curricular significativa.

-Escolarización combinada (neste caso será necesario establecer o número reunións suficientes -mínimo 2 por curso- para coordinar as actuacións educativas entre o persoal do centro específico e o Titor, o profesorado de AL e PT e a Orientadora)

--Profesionais implicados.

Titor/a, Profesorado especialista de área, Profesorado de PT e AL, Persoal Auxiliar e Orientador/a.

--Alumnado con problemas emocionais, relacionais e de conduta

Consideramos problemas de conduta, todos aqueles comportamentos individuais e colectivos que interfiran co bo desenvolvemento das clases, e afecten á convivencia escolar.

--Respostas educativas.

-Resposta educativa na aula.

-Programa de intervención, ou pautas de actuación, para eliminar condutas indesexadas. (Aplicables no ámbito escolar e familiar).

-Intervención en todo o grupo con programas sobre convivencia, emocións e habilidades sociais.

-Resolución de conflitos interpersoais.

-Derivación ós Servizos Públicos de saúde mental.

-Intensificar a coordinación e comunicación coa familia.

-Aplicación da normativa do RRI.

-Adaptación curricular non significativa.

--Profesionais implicados.

Titor/a, Profesorado do Centro. Profesorado de PT e AL, no caso de que se produza un déficit significativo na aprendizaxe, Orientador/a, Equipo Directivo (no caso de que haxa

que tomar medidas extraordinarias), EOE e Familia e outros servizos externos.

--Alumnado con altas capacidades intelectuais

--Proposta curricular

- Ampliación do currículo
- Profundización no currículo
- Adaptación curricular significativa.

--Profesionais implicados

Titor/a, Profesorado de área. Orientador/a e EOE, excepcionalmente a PT.

--Alumnado de integración tardía

--Proposta curricular

-Atención individualizada, se é necesario, para a aprendizaxe da lingua vehicular e para minimizar o desfase con relación ó grupo onde estea integrado.

-Adoptar as medidas que se estimen necesarias: Adaptación curricular, flexibilización do período de escolarización, apoio dentro ou fora da aula.

-Formación do grupo de aprendizaxe das linguas.

--Profesionais implicados

Titor/a, Orientador/a, AL e PT e outro Profesorado con dispoñibilidade horaria.

--Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe (lingual oral, lingua escrita, matemáticas etc.)

--Proposta curricular

-Reforzo na asimilación de obxectivos e contidos dos cursos anteriores.

-Priorización dos obxectivos e contidos mínimos do curso no que o alumno estea escolarizado.

-Se é o caso, adaptación na secuencia dos contidos, na metodoloxía e nos instrumentos da avaliación.

-Intervención sobre as dificultades específicas.

--Profesionais implicados

Titor/a, Orientador/a, AL e PT, Profesorado de área e outro Profesorado con dispoñibilidade horaria.

--Alumnado con desfase curricular de máis dun curso debido á situación de desvantaxe sociocultural

--Proposta curricular

-Priorización dos obxectivos e contidos mínimos do curso no que o alumno estea escolarizado.

-Adaptación curricular significativa, se fose o caso.

--Profesionais implicados

Titor/a, Orientador/a, AL e PT, Profesorado de área e outro Profesorado con dispoñibilidade horaria.

6.-COORDINACIÓN INTERNA, E CON OUTROS CENTROS

6.1 Coordinación interna

Para o adecuado funcionamento de atención á diversidade será necesario establecer unha coordinación entre todos os profesionais que incidimos no alumnado. Con carácter xeral establecemos as seguintes reunións:

- Reunión do DO, reunión do Orientador/a co Profesorado de PT, e AL, cos Titores e co Profesorado especialista de área.

- Reunións de avaliación.

- Reunións da CCP.

- Reunións de equipos docente ou nivel.

Estas reunións servirán para:

- Adecuar a programación didáctica ó alumnado que vai recibir os apoios.

- Establecer os criterios e procedementos de avaliación, tendo como referencia os obxectivos e contidos traballados.

- Facer o seguimento individual do alumnado de apoio, valorando a consecución dos obxectivos previstos e, tamén a permanencia ou non dos apoios, tendo en conta a súa evolución.

6.2 Coordinación con outros centros

- Reunións cos Institutos adscritos (Xelmírez I e Xelmírez II).

- Reunións trimestrais cos docentes do Centro de Educación Especial que acollen ó alumnado de Educación combinada.

- Comunicación cos Orientadores e/ou Titores dos Colexios dos que recibimos alumnos ó longo do curso, e no caso de que sexan eles quen reciben a alumnado procedente do noso Centro.

7.-CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E SERVIZOS EXTERNOS

7.1 Colaboración e participación coas familias

As nais/pais e titores legais do alumnado deberán compartir o esforzo educativo participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, nas decisións que afecten á escolarización e ós procesos educativos do alumnado.

Este Centro promove a implicación das familias en todas aquelas medidas destinadas ó desenvolvemento integral do alumnado, especialmente nos ámbitos referidos á mellora da autonomía, autoestima, participación e convivencia.

A finalidade e o carácter das reunións obedecerán ás diferentes necesidades. Con carácter xeral teremos:

- Reunións iniciais do Titor/a ó principio de curso. Nestas reunións informarase sobre as dificultades atopadas e as propostas de intervención, incluídas a posible avaliación psicopedagóxica e a autorización para a mesma.

- Reunións co Orientador/a, nas que se solicita información complementaria e se lles informa sobre o proceso de avaliación.

- Reunión sobre os resultados da avaliación psicopedagóxica realizada e as medidas que se tomarán. Os pais darán o seu consentimento.

- Reunións de seguimento, con periodicidade variable, nas que pode participar o profesorado de apoio.

7.2 Servizos externos

Dado que o noso alumnado recibe atención doutros servizos externos ó Colexio e que, en algúns casos é necesaria unha a intervención externa na familia, mantemos comunicación cos seguintes servizos:

- Servizos Sociais do Concello.
- Servizos de neuropediatría, psicoloxía, psiquiatría infantil e atención temperá do CHUS.
 - Servizo de menores.
 - Atención Temperá da Facultade de Psicoloxía.
 - Colexio de Educación Especial Manuel Navalón.
 - Asociación Síndrome de DOWN.
 - Asociación de Pais/Nais de nenos/nenas con TDAH.
 - Profesionais de Psicoloxía e Pedagogía de gabinetes privados.

A periodicidade dos contactos será variable, en función das necesidades. A estas reunións asisten os Titores, Profesorado de apoio, Profesorado especialista e a Orientadora.

8.-AVALIACIÓN DO PLAN

O seguimento e avaliación do Plan realizarase ó longo de cada trimestre, nas reunións de avaliación, para a súa valoración nas reunións da CCP e, se procede, facer as correspondentes melloras.

Consideramos este documento aberto a posibles cambios, derivados dos cambios na propia normativa ou de cambios doutras variables.

-Indicadores a avaliar

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Organización dos recursos.
- Sobre cada unha das medidas programadas:
 - . Grao de aplicación.
 - . Adecuación ás necesidades.
 - . Grao de participación dos distintos implicados.
 - . Grao de satisfacción dos profesionais que interviron no seu desenvolvemento.
 - . Grao de satisfacción do alumnado atendido e das familias.
 - . Dificultades atopadas.

Ó final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación elaborará a correspondente memoria do Plan de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora.

9.-ANEXOS

Documentos de solicitude e consentimento para aplicar as medidas de atención á diversidade.

**SOLICITUDE PARA INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN A
TRAVÉS DO PROFESOR/A - TITOR/A**

Nome do Profesor/a Titor/a, ou Profesor/a Especialista

Nivel ou especialidade na que imparte clase

Data da petición da intervención do D.O.

DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A

Nome e apelidos _____

Data de Nacemento _____

Curso escolar _____

Sinalar cun X as causas polas que solicita a intervención do D.O.:

- Colaboración da Orientadora na avaliación inicial _____
- Avaliación pola Orientadora _____
- Dificultades de aprendizaxe _____
- Posible TDAH _____
- Conduta disruptiva _____
- Baixo rendemento académico en relación coas súas capacidades _____
- Dificultades de adaptación no período de acollida _____
- Dificultades familiares _____
- Pouca ou ningunha colaboración familia _____

- Retraso significativo na adquisición da linguaxe ____

- Dislalias ____

- Outras ____

Especificar: _____

--- Breve descripción das dificultades observadas no alumno/a:

--- Estratexias máis relevantes que utilizou:

--- Medidas Educativas: (apoios polas especialistas, RE.....).

--- Breve historial académico do alumno/a: (se repetiu curso, se procede do estranxeiro, centros nos

que estivo escolarizado...)

Santiago de Compostela, a ____ de _____ de 201__

Asdo.: _____

**AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN
PSICOPEDAGÓXICA**

(Intervención do Departamento de Orientación)

Alumno/a:

Data de nacemento: Nivel:

Titor/a Docente:

Enderezo familiar:

Tfnos: Correo-e:

Don, con DNI

e Dona, con DNI

na condición de pai nai titor/a ou titor/a legal

DECLARO que recibín a debida e suficiente información encol da conveniencia de realización dunha avaliación psicopedagóxica (tal como se recolle, nomeadamente, nos artigos 34 e 35 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado) por parte da persoa responsable do Departamento de Orientación do Colexio a fin de avaliar as necesidades educativas que poida presentar o/a menor arriba citado/a e que permita a posterior adopción das oportunas medidas de atención educativa.

Polo que:

SI NON OUTORGO a correspondente
autorización.

Santiago de Compostela, a ____ de _____ de 201__

A nai / titora legal

O pai / titor legal

Persoal titor docente

Asdo.:

Asdo.:

Asdo:

AUTORIZACIÓN FAMILIAR PARA APOIO EDUCATIVO A ALUMNA/O

Alumno/a:
Data de nacemento: Nivel educativo:
Titor/a Docente:
Enderezo familiar:
Tfnos: Correo-e:

Don, con DNI
e Dona, con DNI
na condición de pai
nai titor/a ou titor/a legal

DECLARO que recibín a debida e suficiente información encol da conveniencia de realización da medida de sesións de apoio individual, ou en pequeno grupo, dentro ou fóra da aula do seu grupo, por profesorado do Colexio, co fin de o/a axudar a superar as dificultades ou necesidades especiais que presenta no seu proceso de aprendizaxe.

Polo que:

SI NON OUTORGO a correspondente
autorización.

Santiago de Compostela, a ____ de _____ de 201__

A nai / titora legal

O pai / titor legal

Persoal titor docente

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:

**AUTORIZACIÓN DA FAMILIA PARA QUE O ALUMNO CURSE OS SEUS ESTUDOS
CON ADAPTACIÓN CURRICULAR**

D/D^a _____, con DNI nº _____, Pai/Nai
do alumno _____, escolarizado no CEIP
López Ferreiro,
no ____ curso de Educación Primaria,
MANIFESTA estar de acordo en que o seu fillo/a curse ____ de Educación Primaria,
con Adaptación Curricular nas áreas de

Santiago de Compostela, a ____ de _____ de 201__

Asdo.: _____

CEIP LÓPEZ FERREIRO

AUTORIZACIÓN DOS PAIS PARA QUE O ALUMNO SEXA AVALIADO POLO EOE

D/D^a _____, con DNI nº _____, Pai/Nai do alumno _____, escolarizado no CEIP López Ferreiro, no ____ curso de Educación Primaria, MANIFESTA estar de acordo en que o seu fillo sexa avaliado polo Persoal especializado en _____ do Equipo de Orientación Específico da Provincia da Coruña.

Santiago de Compostela, a ____ de _____ de 201__

Asdo.: _____

CEIP LÓPEZ FERREIRO

INFORMACIÓN DOS PAIS DO QUE O ALUMNO REPETIRÁ CURSO

D/D^a _____, con DNI nº _____, Pai/Nai do alumno _____, escolarizado no CEIP López Ferreiro, no ____ curso de Educación Primaria, MANIFESTA ter sido informado/a de que o seu fillo/a súa filla permanecerá un curso máis en _____ de Educación Primaria por non haber superado o s obxectivos mínimos do nivel.

Santiago de Compostela, a ____ de _____ de 201__

Asdo.: _____

CEIP LÓPEZ FERREIRO

CONSENTIMENTO DOS PAIS PARA QUE O ALUMNO PERMANEZA UN CURSO MÁIS EN EDUCACIÓN INFANTIL OU DOUS NA EDUCACIÓN PRIMARIA

D/D^a _____, con DNI nº _____, Pai/Nai do alumno _____, escolarizado no CEIP López Ferreiro, no ____ curso de Educación Primaria, MANIFESTA estar de acordo en que o seu fillo _____ permanecerá un curso máis na etapa de Educación Infantil debido a problemas de _____

Santiago de Compostela, a ____ de _____ de 201__

Asdo.: _____

CEIP LÓPEZ FERREIRO

CONSENTIMENTO DOS PAIS PARA QUE PARA A FLEXIBILIZACIÓN DO PERÍODO ESCOLAR

D/D^a _____, con DNI nº _____, Pai/Nai do alumno _____, escolarizado no CEIP López Ferreiro, no ____ curso de Educación Primaria, MANIFESTA estar de acordo en que ó seu fillo se lle flexibilice o período de escolarización.

Santiago de Compostela, a ____ de _____ de 201__

Asdo.: _____

CEIP LÓPEZ FERREIRO

CONSELLO ESCOLAR CERTIFICACIÓN

En reunión ordinaria do Consello Escolar do Centro, celebrada o día 27 de xaneiro de 2016, quedou aprobado o Plan de Atención á Diversidade do Centro que figura nas páxinas anteriores a esta certificación.

En Santiago de Compostela, a 27 de xaneiro de 2016.

A Xefa de Estudos

O Director

A Secretaria

CEIP LÓPEZ FERREIRO